

A raíz fértil

Lupe Gómez

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

GÓMEZ, LUPE (2012 [2010]). “A raíz fértil”. *Galicia Hoxe*: 26 de xaneiro, 38. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1751>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

GÓMEZ, LUPE (2010). “A raíz fértil”. *Galicia Hoxe*: 26 de xaneiro, 38.

* Edición dispoñíbel desde o 19 de xaneiro de 2012 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

Anxo Pastor é o ilustrador da escolma poética de Ramón Cabanillas, editada en Factoría K e tamén do poemario 'Dentro do labirinto' de Branca Novoneyra

"A raíz fértil"



LUPE GÓMEZ

A galería de arte Arcana, que Anxo Pastor ten en Vilagarcía, é coma un recuncho fértil onde as pinturas, as follas de xornal e os debuxos se mesturan co silencio, coa enerxía e coa calma. Vale a pena chegar a este lugar, porque o pintor ofrece un tempo de conversa, unha tarde fértil. Anxo Pastor é autor dun poemario editado na colección A Illa Verde de Espiral Maior, titulado *Sombra fértil*. Neste libro di cousas como: "Si, convivo coa sucidade, só ela é a miña compañia. Noutros tempos era tan hixiénico como calquera, atacaba a sucidade con todas as forzas que dá a xuventude. Agora, déixoa pasar pola porta, ela trae algo quente, algo sabio, vello, paciente, algo que fala de recunchos, de cousas esquecidas". Unha raíz fértil percorre a galería deste home que se chama Anxo e tamén el é como un anxo atento, agradable, educado, culto, sabio. Podemos imaxinar un ceo con árbores. "Nubes, coma un espectáculo gratis, en desuso."

Que recordos tes da túa infancia? Debuxabas moito cando eras un neno?

Debuxaba, pero non gardo unha imaxe de estar sempre debuxando. Teño unha imaxe viva de correr pola aldea de Vilar donas. Meu pai traballaba na estación do tren de San Clodio, en Ribas do Sil. A través da miña avoa, eu tiña moita conexión coa paisaxe. Subindo xa está o Courel. É un val, rodeado dunha montaña que te abraza e te acolle. É unha montaña acolledora, na que hai un microclima no que se dan ben as oliveiras, as cerdeiras. Gardo unha gran conexión coa montaña luguesa. Ao chegar a Vilagarcía tomei contacto co mar. Tamén me interesa a paisaxe humana desas terras de Lugo, cun ritmo máis lento na xente. É a relación co tempo de días longos, infinitos. Cando volvo ao Courel parece que o tempo non existe, todo adquire un ritmo propio, difícil de explicar. Incluso é outro andar, a xente anda fisicamente doutra maneira. É outra conexión coa terra.

Os ilustradores sodes poetas visuais?

No meu caso hai sempre un fío coa poesía. O debuxo sae dunha lectura, dunha vivencia. Hai sempre unha raíz poética. Debuxando pásoo ben e sinto que ten moito de aventura. Sempre é fascinante como a partir dunha liña podes xerar un mundo. Dicía Paul Klee que "a liña soñaba". Sempre é fasci-



Anxo Pastor ten a galería de arte Arcana en Vilagarcía de Arousa

nante. Moitas veces non hai distinción entre o que debuxas e o que escribes. Significa unha inmersión no interior dun mesmo. Vaste percorrendo e buscando a través dos debuxos e das sensacións. **Cres que a poesía sempre nace duns sentimentos íntimos?** A poesía resúltame sempre "misteriosa". Non creo nas fórmulas fixas nin nas definicións a priori. A poesía xorde cando xorde. É difícil escribir con vontade. Vén cando vén. Gústame a poesía que volve poñer a atención na sinxeleza da palabra, sen grandes artificios. Gústame a

"OS LIBROS SON ALMAS VIVAS E ESE É O SEU VALOR"

brevidade como unha forma de depuración e creo que na poesía se tende á concisión, ir á esencia e non a un verbalismo oco. Moitas veces hai un exceso de literatura, a poesía está sobrecargada de estilo pero nada máis. Creo na revelación da palabra. Ten que mergullar no que hai detrás das cousas.

Os libros de papel, fronte ao avance do libro electrónico, seguen tendo moito valor?

Moitísimo. Os libros son "almas vivas" e ese é o seu valor. O libro sempre nos dirá cousas. Creo que o libro electrónico xa está aquí, pero non fará desaparecer o libro. Convivirán, como conviviron moito tempo a fotografía e a pintura. A fotogra-

fía liberou a pintura de temáticas ás que estaba moi condicionada. Desfruto moito co libro de papel. É cómodo e fermoso. Os libros pódennos transformar e iso é unha maravilla. Son como portas ao mundo dos soños, e cando soñamos somos libres.

Cabanillas foi aclamado como "poeta de raza". Cres que foi un renovador da poesía galega?

Creo que Cabanillas foi un poeta moi importante. Foi un dos nosos grandes poetas. Non foi un poeta grandilocuente. Depurou a poesía galega. A Cabanillas nótolle influencias do modernismo, do simbolismo. Foi depurando a súa linguaxe e foi liberando a poesía desa gran carga de palabrería. Encontro na súa poesía unha gran unidade. Ten a época de poesía social, e mantén unha voz moi propia nel, que atende moito ao sentimento. É un poeta narrativo pero sen grande abuso da narración como algo pobre. Mantén un alento poético sinxelo. Era un poeta sensible. Tiña un grao de humildade asumida, que paradoxalmente o fai ser grande.

Como formulaches o traballo de ilustrar poemas de Cabanillas?

Formuleino con moita responsabilidade. Tratei de meterme nas atmosferas da poesía de Cabanillas. Tratei de meterme no seu mundo sensitivo, como se fose un resoar do poema en min. Son imaxes sintetizadas, cunha carga de certa alegoría. Son imaxes sinxelas. Fíxenas tal e como me chegaron a min os poemas.

A colección na que aparece este libro de Cabanillas chámase Trece

Lúas porque "a lúa é ese ser cambiante que muda a súa cara de espello circular". Está dirixida para lectores-as de máis de 8 anos.

Todos os libros desta colección teñen 13 poemas que son ilustrados por un pintor-a. Está enfocada a que a palabra dialogue coa imaxe. Unha das cousas interesantes desta colección e da editorial é que me deron total liberdade na maneira de tratar as imaxes. A editorial Kalandraka promove moito a creatividade. Iso dálle frescura e versatilidade. Ese coidado e sensibilidade da editorial é de agradecer. O feito de que lle dediquen un espazo á poesía fala moi ben deles porque non é o habitual. Nesta colección xa saíron libros de Rosalía, Celso Emilio Ferreiro, Gabriela Mistral...

Que recordos tes do poeta Uxío Novoneyra? Era unha persoa cunha gran humanidade e cun espírito moi independente.

Tiven a sorte de ser amigo de Uxío. Eu escribín un libro aos vinte anos e subín ao Courel para coñecer a Uxío. El recibíume cun grande afecto e teño un recordo marabilloso. Volvín subir ao Courel ao ano seguinte e Uxío e mais eu fixémonos amigos. Foi unha persoa moi xenerosa e aberta. Acórdome que me recibiu cunha trenka militar e estaba na cociña. Faloume de moitas cousas. Tiña moi bos recordos de Madrid. Faloume de Carlos Oroza. Ensinábame publicacións dos anos 60-70, libros de arte que nesa época non se vían por aquí. Era un apaixonado do gravado e da pintura. Era unha persoa sabia, humana.

Con el humanizábase todo dunha maneira sinxela.

Ti fixeches as ilustracións para o primeiro libro de Branca Novoneyra, titulado 'Dentro do labirinto' e editado en Espiral Maior.

Nos poemas de Branca recoñecín moito o Courel. É un libro que fala moito da memoria e de cousas que me recordan á miña propia memoria da nenez. Son recordos e sensacións que están cargados de intensidade e soidade. É esa soidade necesaria, que ten moito de descubrimento e de enigma. Son cousas que deixaches nos espazos nos que viviches. Na poesía de Branca aparece tamén o mundo adulto, e aparece moito o desacougo. Hai sempre un fío, unha tea de araña, un labirinto que flutua como a memoria.

Que actividades se desenvolven na túa galería de arte Arcana, en Vilagarcía?

Inaugurei esta galería hai catorce anos. Nela exponse pintura, escultura, e ten moita conexión co mundo da literatura. Presentáronse aquí algúns libros. Houbo algunha exposición de poesía visual. Tamén está dedicada á obra gráfica en papel, ao gravado e debuxo. Tivemos agora unha exposición de Mario Iglesias, un pintor de Pontevedra que se formou na facultade de Belas Artes de Pontevedra. Agora estase dedicando intensamente ao cine. É interesante como pintor e cineasta. A súa exposición de pintura ten moita carga poética, simbólica. Hai un grande humanismo en todo o que fai, sempre nos transmite algo.

Consideras que vivimos bos tempos para a lírica?

A lírica é necesaria e sempre está aí. É algo inherente ao home. Hai unha sensación de intemperie, desacougo. O filósofo alemán Adorno dicía que "despois de Auschwitz non era posible a poesía." Pero séguese escribindo, séguese pintando, séguese filmando. Aínda no horror hai ansia de volver á vida e recuperar o mundo do espírito, que é necesario.

Cres que é posible recuperar a inocencia perdida? Nesta sociedade tan embrutecida, a delicadeza e a sensibilidade resultan necesarias?

Aínda que as novas tecnoloxías son boas, estamos nun mundo no que é necesario volver "tocar" as cousas, e manter un contacto directo coas persoas. Saborear un tempo, unha conversa, unha palabra. Creo que da infancia vén esa sensación de que "todo é posible", por esa capacidade de entusiasmo e de estar abertos ao soño. O mundo dos adultos sempre nos machaca e tenta cerrar eses soños. Os soños son o motor e fannos crear un mundo de posibilidades, experimentación e frescura que nos enriquecen. ●